

## Casa das Artes

Policarpo Sanz, 15. Vigo

### Do 20 de maio ao 3 de agosto de 2025

Luns, mércores e venres: de 18:00 a 21:00 h

Martes e xoves: de 11:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Domingos: de 12:00 a 14:00 h

Díptico en galego   Díptico en castellano



Dep. Legal: VG 289-2025

**REDE DE MUSEOS**  
CONCELLO DE VIGO  
Casa das Artes

CONCELLO  
DE VIGO



Do 20 de maio  
ao 3 de agosto de 2025

.....

Casa das Artes

CONCELLO  
DE VIGO



NON  
FUN

PILAR ALONSO

# NON FUN

## Sobre o ser e o estar dunha muller artista

Con *Non fun* Pilar Alonso propónse representar un mundo de identidades múltiples, un bucle de enmascaramentos, entre a exhibición e a ocultación, xogando co espazo do edificio non como un simple contedor senón como parte esencial nun mecanismo escópico desde o que observar e ao mesmo tempo ser observada, desde a consciencia de que é preciso o ollar do outro/outra para conformarmos a identidade e a existencia.



Fotografía en papel de algodón 60x40. Sistema modular sen portas nº8. 2017

Partindo destes presupostos, a artista propón ao espectador penetrar neste universo plástico, como se estivese debruzándose sobre un escenario, e faino creando un ambiente que facilita que sintamos unha identificación intuitiva con ese universo, que percibamos un xénero de simpatía -no sentido etimolóxico-intelectual por medio da cal nos colocamos no interior do mundo por ela elaborado, de modo que coincide con aquilo que é único no mesmo e, consecuentemente, non se pode espremer.

Na obra de Pilar Alonso está presente a análise do rol da muller na sociedade e na historia mais sempre o fai desde unha vontade de resaltar a centralidade da consciencia e desde a necesidade intensa de participar no decurso -e no discurso- colectivos partindo do máis íntimo.

As imaxes son para Pilar Alonso, sobre todo, lugares do acontecemento, o tempo-agora, o *Jetztzeit* de Walter Benjamin. Acontecementos abertos e fragmentados, mais non por iso menos intensos, nos cales o espectador debe mergullarse para unha fluída percepción.

O traballo da artista é, pois, moi autorreflexivo, entende a actividade creativa ligada a unha intensa dualidade, marcada pola tensión entre a experiencia vital e o seu contacto co contexto externo, incidindo na maneira en como as formas mudan ao seren transportadas a contextos diferentes. Entende a creación como unha práctica que posibilita, modifica e mesmo pon en cuestión os

diferentes ámbitos de contacto co espazo concreto, apostando pola ligazón do íntimo ao contexto espacial e á temporalidade.

Inmiscidos de cheo na obra que nos ofrece Pilar Alonso, crúzansenos na mente -como nun *Atlas Mnemosyne* da pintura clásica- unha enxurrada de imaxes. Nestes cruzamentos a presenza feminina, que observa e é observada, que crea e dialoga coa obra, é actriz e é máscara. Lémbrese que a carauta era na arte clásica e renacentista atributo de Talía, musa do teatro. Así nas *vanitas* era un exemplo das vaidades do mundo anuladas pola morte, como os libros, as moedas, as xoias ou as armas. Todos sempre “víctimas do ego” como lembraba a propia artista ao falar da protagonista dunha das súas series “A Diva”.

A creadora-protagonista precisa o ollar do outro/outra, herda esa vaidade, mais reforza a mascarada presentando un mundo en que se pode subsistir sen ar mais non sen camuflaxe, creando unha boa metáfora do noso presente.

De todos os xeitos, non debemos esquecer que na arte antiga a máscara tamén representaba a verdade, normalmente tomando corpo nunha fermosa rapariga que portaba unha carauta rota. Non ten algo de máscara rota a muller que realiza esta viaxe introspectiva, que camiña ao redor de si -ese “Non fun” entre o ser/estar e ir- para finalmente aceptar, desde a lucidez, que a vida é ese escenario do acontecer e do soño? Puro teatro.

Carlos L. Bernárdez